

AS ANDURIÑAS DE KABUL

Zabou Breitman, Eléa Gobbé-Mévellec, 2019

644

PASE ÚNICO EN NUMAX: 24.02.2020 | V.O.S.E. | +7

Les hirondelles de Kabul (2019, 81')

Dirección: Zabou Breitman, Eléa Gobbé-Mévellec

Guión: Zabou Breitman, Patricia Mortagne, Sébastien Tavel
(Libro: Yasmina Khadra)

Voces: Simon Abkarian, Zita Hanrot, Swann Arlaud, Hiam Abbass, Jean-Claude Deret, Sébastien Pouderoux, Serge Bagdassarian, Michel Jonasz

Son: Eric Devulder

Montaxe: Françoise Bernard

Música: Alexis Rault

Produtora: arte France Cinéma / Les Armateurs (Francia)

Distribuidora: Night Drive

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Un certain regard),
Tsalónica 2019 (Premio do Público),
Los Angeles Animation Film Festival
2019 (Premio do Público)

FILMOGRAFÍA ZABOUR BREITMAN

No et moi, 2010
Je l'amaís, 2009
L'homme de sa vie, 2006
Acordarse de cosas bellas, 2001

FILMOGRAFÍA ELÉA GOBBÉ-MÉVELLEC

Escale, 2010 [curtametraxe]
Madame, 2006 [curtametraxe]

SINOPSE

Verán de 1998. Kabul baixo o dominio talibán. Zunaira e Mohsen son dous mozos namorados. A pesares da violencia e penurias que sofren a diario, soñan cun futuro mellor. Un día, un xesto espontáneo fai que as súas vidas dean un xiro irrevogábel.

«Unha emotiva adaptación da elegante ficción de Khadra»

VARIETY

OS OLLOS VERDES

OCINEMA INÉDITO DE NUMAX



“Contar a historia con debuxos achega unha distancia que permite soportar as imaxes”

Entrevista con Zabou Breitman e Eléa Gobbe-Mévellec

Cal foi a orixe do proxecto? Zabou Breitman [ZB]: En 2012, o produtor Julien Monestiez veume ver cun guión baseado na novela de Yasmina Khadra, *As anduriñas de Kabul*, e a produtora Les Armateurs, que producira *Bienvenidos a Belleville* (Sylvain Chomet, 2003) e *Ernest & Celestine* (Benjamin Renner, Stéphane Aubier, Vincent Patar, 2012), accedeu a crear un filme de animación a partir dese guión. A idea atraíame moito pero tiña unha condición: facelo ao meu xeito. Isto implicaba que, en lugar de que os actores traballasen ao servizo de xestos e expresións predeterminadas, os personaxes debían imitar a interpretación do actor. Non abonda cunha boa locución, debíase acertar con cada detalle do movemento, ritmo e respiración dos personaxes. Les Armateurs organizaron un casting para seleccionar deseñadores e ilustradores. Examinamos as solicitudes e vimos o grande esforzo que tiñan feito os candidatos, así como o elaborados que estaban os personaxes.

Eléa Gobbé-Mévellec [EGM]: Recibimos o guión e pedíronnos que enviásemos unha proposta de dirección artística e concepto gráfico completo. Eu coñecía a Didier Brunner polo meu traballo en *Ernest & Celestine* e porque se tiña interesado por un proxecto persoal que estaba a desenvolver. Daquela, pedíume que empezase a darlle voltas a *As anduriñas de Kabul*.

ZB: Ao final tiñamos dúas propostas finalistas, ambas creadas por mulleres. O que máis me gustaba do traballo de Eléa era a súa forma de tratar e traballar a luz: representábase como unha explosión, sobreexposta e con partículas de po. Creo lembrar que che pedimos que nos enviases máis escenas e paisaxes de Kabul. Nas túas ilustracións daba a sensación de que a cidade estaba presente e á vez oculta. É unha sensación que se mantén no filme: o sol disipa as liñas ou estas non chegan até onde deberan.

Paréceme fermoso. Ademais, houbo unha imaxe concreta que me fixo dar-me de conta de que eras a candidata ideal: o debuxo no que aparece un talibán cunhas Ray-Ban e fumando un porro. A sensación da acuarela segue presente, pero tamén percibimos a ese guerreiro hostil que nos observa.

Que lles seduciou do proxecto? ZB:

Con respecto á historia, a animación dábanos a oportunidade de convertela nalgo incríbel. A animación ofrece unha abstracción extrema e un sentido do tempo que pode axudar a xerar certa suavidade, unha cualidade que resulta acaída para representar a dureza desta narrativa. O feito de que a historia se conte con debuxos achega unha distancia que nos permite soportar as imaxes. Non sei se poderíamos soportar un filme de acción real que tratase sobre o mesmo tema.

EGM: Eu aspiraba aos mesmos obxectivos. A medida que investigaba e aprendía cousas novas vía un enorme potencial con respecto á riqueza gráfica que non vira en ningún outro proxecto. Tiñamos a oportunidade de outorgarlle unha luz determinada á complexa historia que viven os personaxes. A posibilidade de narrar unha historia desgarradora baseándonos nun concepto visual moi potente foi o que máis me interesou e a miña maior fonte de inspiración. Dábanos liberdade para elixir todo o que quixeramos amosar, para buscar un simbolismo, unha síntese, o detalle que revela o esencial. Unha lata brillante de gasolina entre carretas que poden remontarse á Idade Media.

Publicado en madavenue.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

AS DIRECTORAS

Zabou Breitman (París, 1959) inícase no cinema como actriz para cineastas como Diane Kurys, Philippe Loiret ou Pierre Jolivet. Debuta na dirección en 2001 con *Acordarse de cosas bellas*, premio César á mellor opera prima. Desde entón asina en solitario catro longametraxes máis seleccionados en distintos festivais de prestixio internacional.

Eléa Gobbe-Mévellec (Châteauneuf-du-Faou, 1985) é unha moza animadora francesa cuxas primeiras curtametraxes *Madame* (2006) e *Escale* (2010) foron seleccionadas en Annecy. Continuou traballando no departamento de animación de grandes éxitos como *Ernest & Celestine* ou *El gato del rabino* (Antoine Delesvaux, Joann Sfar, 2011). *As anduriñas de Kabul* é a súa primeira longametraxe.

NA LIBRARÍA NUMAX

Las golondrinas de Kabul, Yasmina Khadra
Alianza Editorial, 2014

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org